

ACTA N.º 8/2014
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 24 DE XULLO DE
2014

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2014
- I.3.- ACEPTACIÓN DO CAMBIO DE TITULARIDADE A FAVOR DO CONCELLO DA ESTRADA PO-334
- I.4.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:
 - D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- PP:
 - D. Alberto García Pazos
 - D.^a Liliana Silva Pequeño
 - D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
 - D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez
 - D.^a M.^a José Pino Fernández
 - D. Antonio Souto Martínez
 - D. José Antonio Vidal Meneses
- PSOE:
 - D. Juan Antonio González Pérez
 - D.^a M.^a Dolores Araujo Duarte
 - D.^a M.^a Dolores Martínez Losada
 - D. Rubén Rial Sánchez
 - D. Manuel Doldán Costas
 - D.^a Ana Pérez Pérez
- MIXTO:
 - D. Xavier Rodríguez Fernández
 - D. Antonio Fernández Comesaña
- Non Adscrito:
 - D. Ignacio Vilas González

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 24 de xullo de 2014
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 12:05
- *Hora de remate:* 15:44
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

Incidencias:

a) Alteracións no *quórum* de asistencia:

Concelleiros que abandonan a sesión, e momento en que o fan: D. Alberto García Pazos e D.^a M.^a Dolores Araujo Duarte, despois das votacións do punto I.3 da orde do día.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

I.- PARTE RESOLUTIVA**I.1.- ACTA ANTERIOR**

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 26 de xuño de 2014

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 26 de xuño de 2014 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

I.2.- ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2014

A) A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 16 de xullo de 2014, informa desfavorablemente a incorporación da enmenda presentada polo Concelleiro Sr. Fernández Comesaña do grupo Mixto ao expediente do orzamento xeral do exercicio 2014, cuxo texto e o seguinte:

1.- Se propone enmienda a la aprobación del Presupuesto Municipal para el ejercicio 2014, modificando los estados de Gastos, Ingresos y Plan de Inversiones, cuyo detalle se especifica en documento adjunto.

2.- Que por los servicios económicos municipales, se emitan los informes reglamentarios del grado de cumplimiento de la Ley de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera, así como de la Regla de Gasto, así como el detalle de partidas del Plan de Inversiones.

3.- Dejar sobre la mesa el documento económico de Presupuesto, y una vez incorporados los nuevos informes, sea sometido a la consideración del Pleno de la Corporación, con la incorporación de la enmienda presentada.

ANEXO DOCUMENTO DE ENMIENDA AL PRESUPUESTO MUNICIPAL AÑO 2014

**ESTADO DE INGRESOS
MODIFICACIONES:**

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE: A REDUCIR	CREDITOS INICIALES
30000	Tasas abast. Agua: Suministro.	120.000,00	980.000,00
32100	Tasas Licencias Urbanísticas.	10.000,00	55.000,00
33100	Tasas entrada de carruaxes	50.000,00	170.000,00
39120	Multas de Tráfico.	20.000,00	170.000,00
IMPORTE TOTAL A REDUCIR		200.000,00	

**ESTADO DE GASTOS
MODIFICACIONES:**

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE: A REDUCIR	CREDITOS INICIALES
91222200	Comunicaciones Telefonicas O. de Gobierno.	5.000,00	5.000,00
9202260400	Gastos Jurídicos.	100.000,00	50.000,00
4322269900	Promoción Turística.	40.000,00	10.000,00
1622270002	Tratamiento de Basuras.	160.000,00	470.000,00
3382269906	Magosto Popular.	5.000,00	0,00
15021000	Conservación en Infraestructuras (urbanismo)	12.000,00	45.000,00
45021000	Conservación en Infraestructuras.	12.000,00	45.000,00
1502270600	Estudios e Trabajos técnicos urbanismo	10.000,00	12.000,00
16902279900	Servicio de Balizamiento en Playas.	10.000,00	10.000,00
91223300	Asistencias Organos Colexiados de Gobierno.	53.000,00	60.800,00
16521301	Conservación Instalacións semaforicas.	10.000,00	5.000,00
2412269900	Gastos Diversos Fomento Empleo.	30.000,00	80.000,00
IMPORTE TOTAL A REDUCIR		447.000,00	

**ESTADO DE INGRESOS
RESUMEN POR CAPÍTULOS:**

CAPITULO	AUMENTO	REDUCCION	DEFINITIVO
1	Impostas Directos.		5.098.197,94
2	Impostas Indirectos.		170.000,00
3	Taxas, Prezos Públicos e Outros Ingresos.	200.000,00	3.468.300,00
4	Transferencias correntes.		3.600.514,44
5	Ingresos Patrimoniais.		64.175,00
7	Transferencias de Capital.		132.580,14
8	Activos Financieros.		25.000,00
IMPORTE TOTAL ORZAMENTO			12.558.767,52

**ESTADO DE GASTOS:
RESUMEN POR CAPÍTULOS:**

CAPITULO	AUMENTO	REDUCCION	DEFINITIVO
1	Gastos de Personal.		3.988.155,87
2	Gastos corrientes	447.000,00	6.781.713,77
3	Gastos Financieros.		109.161,05
4	Transferencia corrientes.		346.850,00
6	Inversiones Reales.	247.000,00	903.149,01
8	Activos Financieros.		25.000,00
9	Pasivos Financieros.		404.737,82
IMPORTE TOTAL ORZAMENTO			12.558.767,52

NOVO PLAN DE INVESTIMENTOS

CONCEPTO	IMPORTE
Redes saneamento e abastecemento auga.	160.000,00
Redes abasteceimento de auga Camos (1ª fase)	100.000,00
Compra terreos Nave almacen Municipal.	100.000,00
Humanización rúa Mariñeiro (1ª fase)	100.000,00
Acondicionamento torreiro Parada.	50.000,00
Plan Xeral Ordenación Municipal.	123.149,01
Obras beirarruas viais públicos.	15.000,00
Construcción nichos cemiterio Parada.	40.000,00
Obras en centros escolares (educación)	35.000,00
Adquisición e reposición de marquesinas.	5.000,00
Instalación e reposición parques infantis	20.000,00
Acondicionamento e axardinamento zonas verdes.	20.000,00
Plan eficiencia e mellora alumeadado público.	25.000,00
Redacción de Proxectos Técnicos.	15.000,00
Auditoria de servizos privatizados (Auga, Basuras, Xardins etc.)	30.000,00
Reposición e pavimentación viais públicos.	50.000,00
Investimento en Praias.	10.000,00

Maquinaria e utillaxe Vías e Obras.	5.000,00
TOTAL	903.149,01

B) A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 16 de xullo de 2014, tratou o expediente do orzamento xeral do exercicio 2014, que inclúe a seguinte proposta da Alcaldía:

Cumprindo o establecido no artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, realizados todos os trámites para a elaboración do orzamento xeral correspondente ao exercizo 2014.

Tendo en conta que o Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 29.05.14, acordou non aprobar o orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2014.

Considerando preciso realizar varias modificacións que afectan a cinco aplicacións do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2104, por importe total de 30.000,00 euros (creando unha nova referida a subvencións comedores escolares) consistentes en:

Aplicación	Destino	Euros +/-
1415062701	Outros estudos técnicos e redacción de proxectos	- 5.000,00
1417162300	Instalación e reposición en parques infantís	- 15.000,00
1417162301	Acondicionamento e axardinamento zonas verdes	- 10.000,00
142302269906	Gastos diversos emerxencia social	+ 10.000,00
1432148000	Atencións benéfico-asistenciais: subvencións comedores escolares	+ 20.000,00

Tendo en conta e recollendo o acordado nunha reunión celebrada na Casa do Concello de Nigrán o vernes día 6 de xuño con dous concelleiros do PS de G-PSOE, o concelleiro do BNG no grupo mixto e o concelleiro non adscrito, esta Alcaldía (mantendo as cinco modificacións anteriores) introduce as seguintes modificacións nesta nova proposta e no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2014:

1ª.- Elimínase a aplicación orzamentaria 1424147000 destinada a "Subvencións para fomento do emprego" por importe de 80.000,00 euros; importe que incrementa a aplicación orzamentaria 142412269900 destinada a "Gastos diversos fomento do emprego" que pasa de 30.000,00 euros a 110.000,00 euros.

2ª.- Redúcese en 50.000,00 euros a previsión de ingresos na aplicación 1429000 correspondente ao "Imposto sobre construcións, instalacións e obras, ICIO" que pasa de 220.000,00 euros a 170.000,00 euros; reducindo en 50.000,00 euros a aplicación 1445061900 do estado de gastos destinada a "Investimentos de reposición en vías públicas" que pasa de 100.000,00 euros a 50.000,00 euros; o que conleva a redución de 50.000,00 euros no importe

total do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2014 que pasa dos 12.808.767,52 euros a 12.758.767,52 euros.

3ª.- Unifícanse na aplicación orzamentaria 1433048000 (destinada a "Subvencións promoción e difusión da cultura") a aplicación 1433848000 (destinada a "Subvencións a comisións de festas parroquiais" que non figurará no estado de gastos do orzamento xeral para o ano 2014); quedando a aplicación 1433048000 (destinada a "Subvencións promoción e difusión da cultura") cun crédito inicial de 20.000,00 euros (igual á suma dos créditos de 10.000,00 euros que figuraban en cada unha das dúas aplicacións antes citadas).

4ª.- A Alcaldía comprométese, unha vez que conte (no seu caso) cos informes favorables e oportunos a tal efecto, a someter a aprobación do Concelo Pleno unha modificación de crédito mediante créditos extraordinarios (financiada con parte do remanente de tesouraría para gastos xerais indicado na liquidación do orzamento xeral do ano 2013) destinada aos seguintes investimentos: "Abastecemento de auga en Camos", "Compra dunha parcela", en principio no parque empresarial de Porto do Molle para a "Constución dunha nave-almacén municipal".

5ª.- A Alcaldía comprométese, de contar cos informes favorables da Intervención e da Tesouraría, a someter a consideración do Concelo Pleno, a adopción dos acordos precisos para que o Concello de Nigrán volva ter no ano 2015 a carga tributaria do ano 2011.

6ª.- A Alcaldía comprométese a someter á consideración do Pleno, contando co informe preceptivo, e con posterioridade á entrada en vigor do orzamento xeral para o ano 2014, un expediente de modificación de crédito mediante créditos extraordinarios por importe de 30.000,00 euros destinados a unha subvención nominativa a "Esmerarte industrias creativas,S.L." destinada ao espectáculo "Portamérica 2014".


Tendo en conta todo o anterior, e non considerando preciso reunir de novo á "Mesa de negociación do Concello de Nigrán" ao non modificarse nengún aspecto relacionado cos empregados públicos do Concello de Nigrán, este Alcalde propónlle ao Concelo Pleno a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral deste Concelo para o exercizo 2014, co seguinte resumen por capítulos de ingresos e gastos:

ESTADO DE INGRESOS

A) Operacións correntes:

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
1	Impostos directos	5.098.197,94
2	Impostos indirectos	170.000,00
3	Taxas e outros ingresos	3.668.300,00



4	Transferencias correntes	3.600.514,44
5	Ingresos patrimoniais	64.175,00
	Total operacions correntes	12.601.187,38

B) Operacións de capital:

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	132.580,14
8	Activos financeiros	25.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	Total operacions de capital	157.580,14

Total estado de ingresos

12.758.767,52

ESTADO DE GASTOS

A) Operacións correntes:

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
1	Gastos de persoal	3.988.155,87
2	Gastos en bens correntes e servizos	7.228.713,77
3	Gastos financeiros	109.161,05
4	Transferencias correntes	346.850,00
	Total operacions correntes	11.672.880,69

B) Operacións de capital:

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
6	Investimentos reais	656.149,01
7	Transferencias de capital	0,00

8	Activos financeiros	25.000,00
9	Pasivos financeiros	404.737,82
	Total operacions de capital	1.085.886,83

Total estado de gastos

12.758.767,52

2º.- Aprobar as bases de execución do orzamento xeral, así como os investimentos recollidos no capítulo 6 do estado de gastos e anexo de investimentos.

3º.- Aprobar o cadro de persoal relativo ao persoal funcionario, laboral e eventual, de conformidade co disposto no artigo 126 do Real Decreto Legislativo 781/1986 do 18 de abril, así como o anexo de persoal, coa relación valorada de todos os postos de traballo.

4º.- Expoñer ao público o orzamento xeral de 2014, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello, para que os interesados debidamente lexitimados podan examinalo e presentar reclamacións ante o pleno.


Se transcorrido dito prazo non se presentaran reclamacións contra o orzamento xeral de 2014, entenderáse definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario. En caso de existir reclamacións, procederáse na forma indicada no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En todo caso, será preciso que se proceda á publicación á que fai referencia o apartado 3 do mesmo artigo.

5º.- Remitir unha copia do orzamento xeral á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado: Fai un repaso do proceso seguido para a aprobación do orzamento, ata chegar a este momento. Refírese á primeira invitación á participación dos grupos, ás posteriores reunións e ás propostas presentadas polo PSOE e UCN. Detalla o indicado na proposta socialista que suxería reducións en diversas partidas de gastos e incrementos noutras, e que deron lugar a certos axustes sobre a proposta inicial do orzamento. Tamén se refire ao proposto por UCN e ás razóns polas que se valorou non aceptar algunhas destas iniciativas. Sobre esta proposta de UCN tamén indica que faltaban detalles nalgúns aspectos para establecer a cuantificación correspondente. Ata a Comisión de Contas non se fixaron definitivamente as posicións, e posteriormente as opinións respectivas quedaron reflectidas no pleno. Aquel pleno rexeitou o orzamento. Seguiron os contactos cos grupos, dos que saíron novos cambios, tales como redución de certas partidas, acumular a consignación para subvencións, compromisos para investir o remanente de Tesourería. Recordamos tamén que existe unha ordenanza que detalla o modo de proceder para a súa



concesión. Ao BNG contestáronselle as propostas que fixo. O orzamento veu por segunda vez ao Pleno, e quedou sobre a mesa para incorporar un informe económico. Este informe conclúe reparando a emenda, que contén aspectos non asumibles, entre outros, o de deixar partidas sen crédito suficiente para afrontar os gastos xa realizados. Ademais obrigaría a celebrar mais sesións plenarias para levar a cabo a xestión económica municipal. Na Comisión de contas engadiuse un punto 6º á proposta da Alcaldía, referido a unha futura dotación para subvencionar "Port América".

Dna. Lilita Silva Pequeño, concelleira delegada: Esta última proposta ten que ver coa intención de vincular ese evento a Nigrán. Aínda non hai cifras definitivas, pero a repercusión pública deste acontecemento é coñecida por todos. Houbo plena ocupación hoteleira, calcúlase que no ano 2013 a repercusión económica ao longo do ano puido acadar os 3.000.000 de euros. Nese ano uns 19.000 asistentes acudiron a Nigrán. E neste ano xeráronse uns 23 empregos directos de persoas rexistradas na bolsa de emprego de Nigrán.

D. Juan Antonio González Pérez, do partido Socialista: Non apoiarán os orzamentos nin esta proposta de subvención á empresa que organiza PortAmerica, sen prexuízo de que apoian que se celebre. O partido Socialista no pleno pasado presentou unhas propostas que poderían favorecer a aprobación dos orzamentos. Procede a detallalas. O aspecto relativo a levar as modificacións ao pleno non foi informado desfavorablemente, aínda que o Alcalde dá a entender na súa proposta que non é legal. É difícil apoiar cando as propostas feitas se rexeitan.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto: Non ten sentido repetir o dito no pleno anterior, cando se trae o mesmo orzamento. No proceso seguido mellorouse a proposta inicial do goberno, coas apartacións dos grupos. O BNG fixou a súa posición para dar un apoio excepcional ao orzamento. O PP non a tomou en consideración. Así non se conseguiu a aprobación do orzamento, que quedou sobre a mesa para informar tecnicamente a emenda de UCN. O esaxerado volume do gasto xa realizado impide dar cabida á emenda. Considera razoable que nas actuais circunstancias de goberno en minoría debería manterse a proposta de que as modificacións orzamentarias veñan ao Pleno, salvo as excepcións contempladas. A novidade que trae o Alcalde é a posposta de darlle 30.000 € a Esmerarte pola organización de Port América, aludindo ao retorno económico; concepto este difícil de cuantificar. A razón máis elemental para discrepar é que o evento xa pasou e agora descoñécese por que o Concello pretende acudir na axuda da empresa organizadora, que actúa lóxicamente con ánimo de lucro. Prevéñ para isto unha cifra superior á contemplada para todas as demais entidades sen ánimo de lucro de Nigrán.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto: Non entende que se introduza este elemento de discordia, a non ser que se busque directamente o rexeitamento da Oposición. Se se quere subvencionar a PortAmérica, será despois de aprobar o orzamento cando corresponderá propolo. O goberno en minoría necesita apoios externos e buscar incorporar outras iniciativas. Agora xa é tarde, entre outras cousas porque o exercicio xa está moi avanzado. UCN fixo as súas propostas e non foron respondidas, nin houbo intento de negocialas. O orzamento segue apostando polo gasto corrente en prexuízo dos investimentos. Isto pretende corrixirse coa moción presentada, e tampouco deu lugar a un novo diálogo. Só serviu para evidenciar unha política desmesurada de gasto, aínda que non en investimentos

nos que a cifra é moi reducida a estas alturas do ano. Por outra parte, non todos os gastos comprometidos esgotan as partidas consignadas na emenda, pero rexéitase en bloque, sen buscar diálogo para poder facer axustes. O propio orzamento ten mais reparos que a emenda que se quere aprobar. Segue estando en contra.

D. Ignacio Vilas González, concelleiro non adscrito: Mantén a súa oposición, porque se segue subindo orzamento en contra do que el propuxo.

Sr. García Pazos: Falouse de partidas excedidas, sen ter en conta que hai contratos aos que facerlles fronte, que non se poden reducir por debaixo do xa adxudicado. Da proposta do PSOE incluíuse no acordo a das bases de execución. Fai referencia aos demais apartados desa proposta e ás posibilidades ou non de atender cada un deles. Tamén indica cales son as consecuencias de que non se aprobe o orzamento, tal e como se analizan no informe do Interventor. A razón de que as partidas de investimentos aínda teñen remanente importante é que as obras en marcha non están rematadas.

Sr. González Pérez: Non se teñen en conta as propostas formalizadas en acta polo PSOE; e ademais anuncian darlle 30.000 euros para PortAmérica. Reitera a postura contraria do seu grupo.

Sr. Rodríguez Fernández: Cada vez está mais convencido de que o mellor para Nigrán é que non se aprobe o orzamento.

Sr. Fernández Comesaña: O goberno debe reflexionar por que chegou a esta situación, e ter en conta que a súa proposta tamén está reparada.

Sr. García Pazos: Hai moitos tipos de reparos. Aquí non hai ningún suspensivo ao orzamento, e son moitos menos que os dos anos precedentes. Non se vai poder gastar o que hai para os fins que se prevén no orzamento.

Sr. Alcalde-Presidente: O Pleno deixou no mes pasado o asunto sobre a mesa e hoxe tráese para resolver o acordado. O orzamento si baixou 50.000 euros, polo que non cabe o argumento do concelleiro non adscrito. O goberno si asume compromisos, para utilizar o remanente de tesourería. Non é certo, que o proxecto do río Muíños sexa unha obra faraónica, senón que ten precedentes de fondos vinculados; refírese ao informe negativo da intervención sobre a emenda, entendendo que a desautoriza totalmente. Non son certas moitas das propostas da emenda. Se non se chegou a acordos foi porque non houbo vontade. Aclara que nada se condonou a Esmerarte. Do que se trata é de vincular ao municipio de Nigrán ese evento de tanta proxección. A cuestión do apoio económico a esta empresa sería un tema a debater no pleno, sempre despois de aprobar o orzamento. Os prexudicados desta situación serán os veciños, sacrificados por intereses de cara ás próximas eleccións.

Sr. Vilas González: Non se fixo o que se había comprometido.

Sr. Alcalde-Presidente: Incluíuse o 100% do que pediu o concelleiro non adscrito.

Sr. Fernández Comesaña: Retira a emenda, á vista dos reparos.

Votación e acordo sobre o orzamento.- Retirada polo Sr. Fernández Comesaña a súa emenda e, previa votación ordinaria sobre a proposta de orzamento presentada pola Alcaldía, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PP.
- Votos en contra: 9; PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a proposta de orzamento xeral para 2014.

I.3.- ACEPTACIÓN DO CAMBIO DE TITULARIDADE A FAVOR DO CONCELLO DA ESTRADA PO-334

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 17/07/2014, acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

"Vista a comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 02/04/2014 (con rexistro de entrada nº 4743) relativa ao cambio de titularidade a favor do Concello de Nigrán, entre outras, da Estrada autonómica PO-334, á que se acompaña informe favorable emitido con data 01/04/2014 pola área de Planificación e Programación dependente da Axencia Galega de Infraestruturas.

Resultando necesario que o Concello se pronuncie sobre a aceptación do referido cambio de titularidade.

Tendo en conta o previsto na Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estadadas de Galicia e o informe emitido polo Arquitecto Municipal con data 11/07/2014, no que se indica:

"Visto o escrito de data 2/4/2014, remitido pola Axencia Galega de Infraestruturas, referente o cambio de titularidade a prof do Concello, das vías PO-333 e PO-334, e no tocante a estrada PO-334, o Arquitecto que suscribe emite o seguinte:

INFORME

A) No informe achegado pola AXI, sinalan unha das vías de cesión de titularidade a PO-334, dende o cruce da Rúa Rans coa PO-552, e incluíndo as Ruas Rans, e parte da Av. de Praia América, ata o cruce coa PO-325 na Foz.

B) Como se recolle no informe da AXI, o nomeado treito de estrada ten funcionalidade local, e características urbanas. Dende o cruce coa PO-550, atravesa:

Ordenanza 7: De edificación unifamiliar extensiva.

Ordenanza 8: De edificación familiar en Praia América e Monte Lourido.

Ordenanza 3: De lineal mixto.

Polo tanto, o devandito treito atravesa integramente Ordenanzas de solo urbano, sendo polo tanto evidente o seu indubidable carácter urbano, e a súa clasificación, a efectos da lexislación autonómica de estradas como TRAVESIA URBANA. (Art 8.1 Lei 8/2013, de 28 de Xuño, de estradas de Galicia.).

C) Esta travesía urbana ten carácter de VIA URBANA por ter tráfico maioritariamente urbano, e existindo alternativa

viaria e continuidade de itinerario por estradas autonómicas (PO-552 e PO-325)."

Esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Expresar a vontade municipal de aceptar o cambio de titularidade a favor do Concello da Estrada autonómica PO-334."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Trátase de buscar unha solución á situación desta rúa e arranxala cunha subvención da Deputación. Pola Xunta dábase por feito que era municipal, pero o Concello indicou a necesidade de tramitar o expediente de cesión. As características son de vía urbana. Pídese ao pleno que se pronuncie a favor.

D. Juan Antonio González Pérez, do partido Socialista: A primeira impresión foi que se iba solucionar o problema, pero despois de analizar a situación a conclusión é que o lóxico é que a Xunta a arranxe e despois a ceda. Non é unha boa xestión recibila como está, en pésimo estado. Se a arranxa primeiro, votarán a favor da cesión e os cartos da Deputación gástanse noutras necesidades.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto: É certo que este arranxo é unha demanda histórica, pero dálle coraxe que se transfira ao Concello nun estado deplorable. O BNG non vai impedir ese arranxo, por coherencia coa súa postura insistente de que se solucionase esa situación.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto: O que propuxo no seu día pola oposición e se acordou foi requirir á Xunta para que se arranxase. O Alcalde ignorou ese acordo, e tampouco agora pode poñer os terreos á disposición da Deputación. É un despropósito do que quere culpar á oposición. Ademais rexeitaron unha proposta de UCN de pedir viais á Deputación. Agora fan o contrario. Hai incluso argumentos par unha censura a este goberno por comportamentos coma este.

D. Ignacio Vilas González, concelleiro non adscrito: Non se pode admitir que se entregue así.

Sr. Alcalde-Presidente: Trátase de dar solucións reais a problemas reais e, neste caso, hai unha posibilidade de arranxar unha situación que require unha resposta concreta e inmediata.

Sr. González Pérez: O PSOE considera que non é unha boa xestión o asumir esta proposta. O que non quere dicir que non sexan sensibles á necesidade.

Sr. Rodríguez Fernández: Quere que se arranxe xa, sen minimizar o feito de que se pretenda asumir a titularidade nestas condicións. Lamenta que nin sequera se intentase o arranxo por parte da Xunta.

Sr. Fernández Comesaña: Non se sabe que xestións fixo o Alcalde coa Xunta para que arranxase este vial, como se comprometera. Pide que se deixe sobre a mesa e que se xestione

un convenio de arranxo coa Xunta e Deputación, destinando estes cartos a outros fins.

Sr. Alcalde-Presidente: O que se trae aquí é unha solución a un problema. O demais é seguir demorando a resposta á cuestión.

Sr. González Pérez: Isto non é xestión. Por iso non o van a apoiar, e tampouco van a impedir que se arranxe. Este é o significado da súa abstención.

Sr. Alcalde Presidente: Hai una posibilidade. Aproveitémola.

Sr. Fernández Comesaña: Insiste na proposta de deixalo sobre a mesa para a previa xestión dun convenio coa Deputación e Xunta.

Votación e acordo sobre a proposta de deixar o asunto sobre a mesa.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 2; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: 8; PP.
- Abstencións: 7; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a proposta de deixar o asunto sobre a mesa.

Votación e acordo sobre o asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PP.
- Votos en contra: 2; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.
- Abstencións: 7; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 17/07/2014, acordou dictaminar favorablemente a moción do Concelleiro do grupo mixto, Antonio Fernández Comesaña, coas modificacións acordadas pola propia Comisión Informativa, quedando a proposta coa seguinte redación:

"Entre as competencias que a legislación atribúe ao Pleno das Corporacións Locais está a de establecer o réxime de celebración das sesións ordinarias do Pleno de Corporación.

Coa finalidade de facilitar a asistencia dos veciños aos plenos e un maior coñecemento de vida institucional municipal, o grupo municipal UNIÓN CENTRISTA DE NIGRÁN-CENTRO DEMOCRÁTICO LIBERAL (UCNCDL), propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Nigrán establece o seguinte réxime de celebración das sesións ordinarias:

- Periodicidade: Mensual, excepto o mes de agosto, no que non se celebrará sesión ordinaria.
- Días de celebración: O último xoves de cada mes. No mes de decembro celebrárase o xoves da semana anterior a de Nadal.
- Hora: Ás 20 horas.

Con carácter xeral, cando o día inicialmente previsto coincida en festivo, adiantarase ao día hábil inmediatamente anterior. Excepcionalmente, mediante resolución motivada e previa consulta cos portavoces dos distintos grupos municipais, a presidencia poderá convocar a correspondente sesión ordinaria para data distinta da agora establecida, sen que en ningún caso poida anticiparse ou demorarse a súa celebración en máis de sete días naturais respecto da data prevista.

SEGUNDO.- Que por parte da Xunta de Portavoces se elabore un Regulamento de funcionamento do Pleno atendendo en especial ó relativo ó réxime de intervencións."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: A moción responde á demanda dalgunha formación sen representación e doutras persoas. Pensa que é interesante.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Votará a favor. Sempre foi a súa postura.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: É mellor facelos pola tarde. A hora non é axeitada para a conciliación coa vida familiar. Por iso pide que sexan ás 7 por entender que un horario máis racional.

Dña. M^a Dolores Martínez Losada, do grupo Socialista: Tamén hai que ter en conta aos corporativos que traballan na empresa privada.

Sr. Alcalde-Presidente: Pensa que ten máis inconvenientes que vantaxes, sobre todo a estas alturas da lexislatura.

Sr. Fernández Comesaña: É un día ao mes, e facilitará a asistencia a quen agora non pode vir. A Comisión ditaminou favorablemente.

Sr. Alcalde-Presidente: Xurdiron problemas de compatibilidade para algún membro do seu grupo, que non está na Comisión, e por iso modifican a postura.

Sr. Rodríguez Fernández: El ten unha emenda argumentada, para qu sexan ás 7 da tarde.

Sr. Fernández Comesaña: Non ten inconveniente en modificar a proposta para incorporar a emenda do BNG. O grupo Popular introduciu un segundo punto na proposta ditaminada referido á regulamentación das intervencións, que non ten sentido se agora votan en contra.

Sr. Alcalde-Presidente: É cuestión de falalo antes de decidir. Propón que se deixe sobre a mesa e que se reúnan os Portavoces para perfilar a cuestión.

Votación e acordo sobre a proposta de deixar o asunto sobre a mesa.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 12; PP e PSOE
- Votos en contra: 2; grupo mixto.
- Abstencións: 1; Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda deixar o asunto sobre a mesa.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 3 de xullo de 2014 e o 30 de xullo de 2014, ambos incluídos.

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista:

1.1. ¿ O Plan Xeral, seguimos igual?

Sr. Alcalde Presidente: Non. Esta semana tivemos unha reunión coa empresa cesionaria, por unha serie de dúbidas que tiña, e documentación que querían ter no seu poder antes de facer a súa proposta de asumir o contrato. Estamos nese período no que esta empresa esta elaborando a documentación.

1.2. Sobre o tema dos petróglifos que se destruíron en Chandebritto, ¿temos algo que nos poida dicir?

Sr. Alcalde-Presidente: Se lle enviou a carta antes de onte a Patrimonio para que abra unha investigación e a ver como facemos para conseguir fondos para arranxalos.

1.3. Na subida a Monteferro se fixo unha tala, están moitas arbores marcadas, se fixo

un corte de árbores; ¿isto se sabe por que é?

Sr. Alcalde-Presidente: Non coñezo ese expediente, preguntaremos a ver se é un expediente autorizado

1.4. Nun pleno anterior preguntei quen era o que facía o mantemento da PO- 325 e me dixo que era a Xunta de Galicia e agora di que é o Concello. Era por saber simplemente quen é, porque hai empregados municipais. Aquel día afirmou que era a Xunta de Galicia, e que eu estaba equivocado e hoxe, no punto anterior, vostede dixo que estamos asumindo ese mantemento. Entón eu quería saber quen mantén a PO-325

Sr. Alcalde-Presidente: A Xunta de Galicia é quen mantén a PO-325. E tamén é certo que nós en determinado momento, dadas as situacións nas que se encontra, ás veces mandamos a empregados municipais a limpar.

1.5.- Fixen dous rogos noutro pleno. Un era sobre a seguridade do carballo que queda vivo na praza da Carrasca. Me dixeron que si, e polo de agora non esta feito. E o mesmo sobre un contedor que retiraran da praza da Carrasca; se se podería volver a poñer. Aínda esta sen poñer. Se é posible e poden facelo...

Sr. Alcalde-Presidente: Si, é certo.

2.- D. Manuel Doldán Costas, do grupo Socialista:

2.1. Hai un tema de risco de seguridade na PO- 325: un habitáculo que ten un pozo sen tapa, un portal sen pechadura, e sen limpeza, etc. É un tema de risco porque algún crío, ou algún rapaz, pode caer alí. Díxeno unha vez e outra, e non quero ser mais pesado.

2.2. ¿Xa esta feito o estudo do aparcamento por encima do pavillón de deportes?

Sr. Alcalde-Presidente: A policía, de momento, non me pasou o informe

Sr. Doldán Costas: Deben estar moi saturados, pois cando o teña se fai favor... Eu creo que hai outro motivo, que hai que pasar o verán e así o alcalde se consolida o que el tiña pensado e tira para adiante. Pero iso é o meu punto de vista.

2.3. Outro dos temas que lle escoitei, hai un momentíño, que o anotei "a oposición só di falsidades". Eu creo que non é toda a oposición. Poderíamos dicir, algunha. E o alcalde tamén. Porque eu recordo que en Porto do Molle, vostede sentábase nun banco, recórdese, e despois saía a fotografía ás dúas horas.

Sr. Alcalde-Presidente: Tendes é un problema porque o banco non é o mesmo.

Sr. Doldán Costas: Como como é falso que eu botaba escombros mandado de TRAGSA en Porto do Molle. Foi unha solución, porque esa area foi para utilizar; non era escombros.

Sr. Alcalde-Presidente: Aínda está alí a area, pero a diferenza é que eu non o denunciarei a Seprona, e vostedes a min si.

Sr. Doldán Costas: É mentira que trouxese area de TRAGSA, por iso llo digo, porque era a cooperativa de transportistas, quen a doou. Aparte diso, non era escombro. Utilizouse aí, penso que con bo criterio; facía falta.

Sr. Alcalde-Presidente: A area que non serve, chámalle como queiras e ponlle os apelidos que queiras, pero escombro é.

2.4. Outro dos temas é a carretera da vía. ¿Fixo mais xestións? Estamos falando de seguridade nalgunhas zonas: un paso de peóns, non costa tanto pintalo. Eu creo que é moi necesario.

Sr. Alcalde-Presidente: ¿Pedimos o cambio de titularidade, e facémolo nós?

Sr. Doldán Costas: Pois mande algún empregado, que tamén estiveron a limpar no Porto do Molle ou na PO-325. Porque é un tema de seguridade.

Sr. Alcalde-Presidente: Pero iso é arriscado cando non hai un informe. Estamos falando de que un paso de peóns é un tema de seguridade. Estamos de acordo en que hai puntos nos que se necesita un paso de peóns, e lle falei que nesta carretera na altura de Maión necesitamos un, en moitos outros puntos. Hai multitude de peticións. Se trata de xestionalo. E trataremos de seguir insistindo.

2.5. Outro dos temas que se lle pedía: a saída de Humberto Juanes; ese transformador ¿hai a posibilidade de poder solucionar?

Dña M^a Carmen Alonso Macías Jorreto, concelleira delegada: É unha reclamación que me veñen facendo a directora e a AMPA do colexio. A obra de soterramento xa está feita, pero aínda non se puido cambiar porque a empresa que ó tiña aínda non o recibiu.

Sr. Alcalde-Presidente: Precisamente hoxe recibin un correo electrónico ás once da mañá, de Manuel Angel López Ferreiro, que é o responsable de Unión Fenosa neste tema, que indica que falta para resolver este tema; fálame dos aspectos a corrixir: deben revestirse as paredes interiores, no cadro hai oxidacións,....

Sr. Doldán Costas: Me vale. Eu o digo porque despois comezan os colexios outra vez e todo o que se poida adiantar... Á parte, é menos risco para os rapaces.

Sr. Alcalde-Presidente: Ademais é unha alternativa fantástica de paso.

2.6. Outro dos temas é patrimonio público. Os lavadoiros, non é so poñerlle a etiquetiña e a chapa de auga potable. Hai que facer unha limpeza e un saneamento. Rogaría que os limpen.

2.7. Ao final do paseo, onde se celebrou a festa de Praia América, hai unha rotonda

peonil. A ver se se poden poñer uns pivotes que había de madeira, porque hai pouco houbo algún altercado entre os peóns e os coches.

3.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:

3.1.- Engarzo co último que dixo Doldán da limpeza dos lavadoiros. Eu falaría tamén da limpeza das fontes. Está moi ben que se faga a análise, pero se logo non se pode acceder a elas, mal asunto. En concreto eu acabo de ver, e me gustaría que tomaran nota e que a limparan, a fonte do Rial en Camos, onde apenas hai un camiño aberto polos propios veciños.

Sr. Alcalde-Presidente: Esta semana empezan polo Rial e Camos.

Sr. Rodríguez Fernández: De paso que fagan limpeza no camiño do Rial que xa se mete a maleza na rúa.

3.2. Creo que estaría ben, dotar de algún ou algúns bancos mais, no paseo do Areal de Lourido. Eu penso que hai moita xente maior que pasea moito por alí. Ten unha serie de bancos no paseo de Praia América, pero non son moitos, e na época de verán se volven insuficientes, sobre todo dende o centro do areal de Lourido cara a Monte Lourido atópanse sen ningún banco.

Sr. Alcalde-Presidente: Xa esta previsto, porque cando se compraron para o Paseo de Panxón xa se pensou en comprar 3 ou 4 mais, que poñeremos aí no areal de Monte Lourido.

4.- D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto:

4.1. Xa lle plantexei nalgunha ocasión algún rogo para que se colocara unha reixiña no camiño do Rial esquina coa Devesa. A verdade é que xa pasaron varios meses e incluso o anterior concelleiro de obras dixo que xa estaba no almacén feita, e non sabemos por que non se coloca. Por iso lle insisto novamente para que se coloque.

4.2. Levo tempo preguntando que é o que pasa co deslinde con Gondomar. A resposta sempre é vaga e imprecisa, e quería saber se se pode informar á Corporación en que situación se encontra, que trámites se levan realizado, que reunións se efectuaron e cales son os problemas que dificultan o acordo. Preguntarlle se este tema poderá quedar resolto nesta lexislatura.

Sr. Alcalde - Presidente: En principio nas reunións que tivemos se plantexaron as nosas propostas dentro do Plan. Aínda así, hai unhas discrepancias con Gondomar que teremos que tratar de resolver. Precisamente o Alcalde e unha concelleira de Gondomar pedíronme unha reunión para tratar este asunto. Lle dixen que de momento iamos esperar por se se resolvía o tema da empresa. A ver se hai coincidencia entre a empresa que leva o plan de Gondomar e a nosa. Ademais de que teremos que falar con Montes de Parada e as asociacións de veciños e demais, que é onde esta a diferenza, pero, en principio, non hai maior problema. Esta solución ten

que quedar plasmada no Plan.

Sr. Fernández Comesaña: Eu penso que se está enfocando mal o problema. O problema non é tanto dos equipos redactores, senón que a cuestión é sentarse as partes implicadas, que son as Comunidades de Montes e os Concellos, chegar a un acordo e trasladalo aos equipos redactores.

4.3. Con respecto á recuperación do vial de Arealoura, que une a PO-325 coa praia, nos pode dicir en que situación se encontra o expediente e que xestións se levan feito para que se trate de recuperar un vial que está privatizado e devolveo ao dominio público.

Sr. Alcalde-Presidente: Non é tan sinxelo, porque os anos pasaron, as situacións cambiaron e non é tan fácil. Hai que analizar as cousas legalmente, porque podemos ter responsabilidades. A comunidade de propietarios ten outro plantexamento e hai dificultades.

4.4. Outra pregunta con respecto a PortAmerica. Dixo vostede antes que tiñan pagado a ocupación de dominio público. ¿Canto foi a liquidación? E se a empresa pagou as taxas do ano 2013.

Sr. Alcalde-Presidente: Non o recordo exactamente pero lle pasaremos os datos dende o departamento de Tesourería.

Sr. Fernández Comesaña: O mesmo lle transmito para o ano 2014.

4.5. O venres 18 tivo que suspenderse a actuación en Porto do Molle por motivo da chuvia, que causou un barrizal e que intentou resolverse na mañá do sábado con varios camiións de zorra e maquinaria e persoal municipal. ¿Pode informarnos a canto ascendeu o custe desta actuación, e quen o sufraga, se o Concello, Zona Franca ou a organización do festival?

Sr. Alcalde-Presidente: En principio entendo que a organización. Non temos datos de custe nin nada. A organización terá que ser quen o sufrague.

4.6.- ¿Cando pensa resolver o problema dos contedores no Porto de Panxón, que os fins de semana o lixo está sen recoller, tirado polo chan, e produce bastantes olores. ¿Que solución pretende darlle; hai algún acordo posible?; ¿que xestións se levan feito cos hostaleiros para tratar de que colaboren neste problema, sobre todo no cumprimento das normas?

Sr. Alcalde-Presidente: Se falou cos empresarios e hostaleiros que son dalgunha maneira os que se queixaron polo mal olor. Nun informe de Cespa di que os propios usuarios deses contedores os están utilizando a granel e por iso os olores. Eu lle dixen aos hostaleiros que os culpables eran eles, por utilizalos a granel. Eu pregunteilles onde querían o contedor. Hai dúas alternativas: ou que cambiemos os contedores, que estou esperando que me contesten, ou que se lles subministre a cada hostaleiro un contedor que en determinadas horas da noite teñen que sacar fóra. Esta última alternativa xa se lles plantexou fai tempo pero contestaron que non, porque había un problema de ubicación dos contedores nos establecementos.

Sr. Fernández Comesaña: ¿Non será mais fácil baleirar todos os contenedores, por parte do Concello?

Sr. Alcalde-Presidente: Teño un informe da limpeza exhaustiva que se lle fai cada dous días e a recollida de cada día, pero iso non é o problema, o problema é o mal uso.

4.7. Vostede recentemente acordou declarar como incompatible co planeamento vixente a actividade de hostalería do Club Náutico de Panxón, ordenando o cese inmediato da actividade. Polo o contrario a actividade segue e as queixas dos veciños por ruídos a altas horas da madrugada continúan, polo tanto hai unha clara desobediencia ao Concello. Pregunto ¿que é o que pensa facer e por que nuns casos se actúa e noutros non?

Sr. Alcalde-Presidente: Se actúa nos dous casos. Outra vez quere dar a entender que hai un acordo co Club Náutico de Panxón. Onte mesmo se lles enviou un escrito ao Náutico ordenando o cese de actividade para a que non teñen permiso e, polo tanto, teñen un período pertinente. Dende logo que nós estamos actuando. A Policía está tendo que ir todos os fins de semana, e teñen 5 expedientes sancionadores con multas coercitivas.

4.8. Recentemente iniciou varios expedientes para declarar caducadas varias licencias concedidas en decembro do ano 2002, nos barrios da Lama e As Roteas en Camos en solo rústico antes da entrada en vigor da LOUGA. ¿Se trata de actuacións puntuais por denuncias ou é que o Concello está levando a cabo unha revisión de todas as licencias concedidas naquela data e que aínda están sen finalizar as obras ou non se iniciaron, ou son actuacións selectivas?

Sr. Alcalde-Presidente: Verei o expediente e lle darei a contestación.

4.9. Se está levando a cabo na rúa Ceán a instalación da rede de saneamento. Me gustaría saber ata onde abarca o proxecto, quen o financia, se está dentro dun Plan da Deputación ou da Xunta e existen algunhas actuacións máis para realizar.


Sr. Alcalde-Presidente: Si, está dentro dun plan de investimentos da Deputación, póde que de 2012, no que había saneamentos en Vilariño, no Cean e algún mais. Chega ata pasada a biblioteca. Por fin vamos a darlle saneamento a biblioteca municipal.

4.10. Con respecto ao punto limpo, xa se dixo que por fin se iba a inaugurar. Lle preguntaría se xa ten definido o modelo de xestión.

Sr. Alcalde-Presidente: Xa lle dixen que vamos a explotalo nós, con persoal municipal.

4.11. ¿Cantos expedientes atrasados hai sen resolver de responsabilidade patrimonial que lle reclaman ao Concello?

Sr. Alcalde-Presidente: Moitos sobre, todo dende o ano 2008 para atrás, que foi cando a funcionaria que leva estes tramites se fixo coa responsabilidade destes temas e creo que non hai moita información dos expedientes anteriores.



4.12. Con respecto á petición de documentación que lle estamos realizando, vostede vai seguir con esa actitude de negar información e obrigarnos a ter que ir á fiscalía para que esta, á súa vez, lle obrigue a vostede a entregar como pasou coa petición de gastos xurídicos, que se negaba a dar; como tamén cos gastos da empresa que realizou a RPT, que tamén se negaba, e que se requiriu tamén por parte da fiscalía.

Sr. Alcalde- Presidente: Non teño intención de ocultarlle a vostede nada. Me parece ben que vostede defenda os seus dereitos e vaia á fiscalía. Faltaba un papel que eu o tiña firmado desde o día 3 de xullo, e que se traspapelou.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

